



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Este pandeiro que toco
este que teño na mau
era de miña cuñada
e muller de meu irmau.

Este pandeiro que toco
non é meu qu' é de María
que llo pidín emprestado
para ir á romaría.

Toca pandeireta toca
non te rías de mis manos
que viengo de Buenos Aires
de ver los americanos.

Voume d'aquí a Parada
que Parada tén a sona
parroquia coma Parada
non a tén Ghalicia toda.

Esta noite fun ó mu(i)ño
nunca ó muíño fora
a cadela do xenrizo
comeum'a fariña toda.

Esta noite fun ó mu(i)ño
cun fato de nenas novas
elas todas en camisa
e eu no medio en cirolas.

O muíño troula troula
bota a fariña en roda
a filla do maqueiro
tén un andar que namora.

O muíño troula troula
non acaba de troular
a filla do maqueiro
rabeia por se casare.

Esta noite no muíño
ha d'habe-lo partamento
os casados para fóra
os solteiros para dentro.